

BASES LEGAIS DE PARTICIPACIÓN NA PROMOCIÓN

1. ENTIDADE ORGANIZADORA DO CONCURSO

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, con domicilio no Edificio Administrativo de San Lázaro, planta 0, 15781 Santiago de Compostela, con enderezo electrónico carne.xove@xunta.gal e teléfono, 981 540 122 pon en marcha o “Concurso Fotográfico Sensacións Saudables 2023” (en diante o CONCURSO) incentivando a participación co fin de promover o uso do Carné Xove a través de Instagram.

A xestión do CONCURSO realizaraa Reclam Publicidad Marketing y Artes Gráficas, SAU, con domicilio na rúa Durán Loriga, 2, 2º, 15003 A Coruña, e con enderezo electrónico hola@reclam.es, logo do consentimento por escrito da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e asinado por ambas as dúas partes.

2. DATA DE INICIO E DATA DE FINALIZACIÓN

O CONCURSO iniciárase ás 12.00 horas do día 26/07/2023 e finalizará ás 23.59 horas do día 07/09/2023.

3. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DO CONCURSO

O CONCURSO ten a seguinte mecánica:

- A persoa participante deberá premer na ligazón dispoñible para participar. A dita ligazón figurará na bio de Instagram de @xuventudegalicia durante o período do CONCURSO, no sitio web de xuventude.xunta.es e nas publicacións promocionadas que fará a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado nas súas redes sociais.
- O usuario deberá rexistrarse mediante o formulario.
- A participación farase efectiva subindo unha fotografía na que se ilustre o goce do tempo de lecer en espazos abertos e naturais durante o verán en Galicia: praias, fragas, parques, ríos, concertos, festivais, festas... O obxectivo é visibilizar e compartir opcións de lecer ao aire libre, destacando a beleza da nosa comunidade ou as actividades culturais que nela se desenvolven. A fotografía debe ir acompañada cun breve texto que explique o contido da imaxe e as sensacións que esperta na persoa autora.

Requirimentos:

- Poden participar todas aquelas persoas mozas galegas maiores de idade con Carné Xove activado.
- Os datos que acheguen as persoas participantes deben ser veraces.
- A persoa participante debe ser a creadora da obra orixinal e titular dos dereitos de autor.
- As persoas participantes poderán enviar ata cinco imaxes. Unha imaxe por participación. Se se considerase que algún participante superou esta restrición ao utilizar distintas contas ou por calquera outro medio, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado poderá denegar a súa participación no CONCURSO.
- Non se poderá ceder nin dispoñer de ningún dereito sobre as fotografías que puidese constituír un conflito co CONCURSO.
- É responsabilidade da persoa participante asegurarse de que se obteñan todos os permisos necesarios de calquera persoa que apareza na fotografía.
- As persoas participantes no CONCURSO poden facer uso das redes sociais para difundir o CONCURSO e incentivar participación.
- Ao inscribirse no CONCURSO, as persoas participantes aceptan estar suxeitas a estas bases e regras. Calquera incumprimento das bases por un participante supoñerá a anulación da súa participación.

4. CONDICIÓNS DO CONCURSO E PREMIOS

A selección das persoas gañadoras levarase a cabo a través dun xurado composto por 3 persoas. Aquelas participacións que se fagan baixo as condicións explicadas na epígrafe anterior serán incluídas na APP de Easypromos.

As persoas participantes no CONCURSO poden facer uso das redes sociais para difundir o CONCURSO e incentivar a participación.

A organización do CONCURSO resérvase o dereito de eliminar calquera participante se detecta algunha actividade sospeitosa, se a participación amosa contido de incitación ao odio, violencia, delitos medioambientais, consumo de alcol e drogas ou sexo; de ser ilícita ou se a persoa gañadora do CONCURSO non cumpre os criterios marcados nas presentes bases.

No caso de producirse isto, o primeiro participante suplente determinado polo CONCURSO ascenderá á posición de gañador.

Premios e comunicación ás persoas gañadoras

A persoa gañadora obterá como premio unha experiencia para dúas persoas: travesía de 2 días + VIVAC en refuxio con Mawida Outdoor. Detalles: <https://mawidaoutdoor.com/tour/travesia-de-ancares-sierra-de-ancares-2-dias/>.

5. LIMITACIÓNS

De evidenciarse que calquera das persoas participantes non cumpre os requirimentos esixidos nestas bases ou que os datos proporcionados para participar non son válidos, a súa participación considerarase nula e quedará automaticamente excluída do CONCURSO, perdendo todo o dereito sobre os premios outorgados en virtude deste CONCURSO.

Non poderán participar no CONCURSO as seguintes persoas:

1. Persoas traballadoras por conta allea ou empregadas en calquera das entidades con personalidade xurídica vinculadas á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.
2. Calquera outra persoa física que participase directa ou indirectamente na organización do CONCURSO ou que se involucrase directa ou indirectamente na súa preparación ou desenvolvemento (axencia, provedores, etc.).

Os premios entregados non son transferibles nin susceptibles de cambios, alteracións ou compensación a petición das persoas participantes e non poderán trocarse por calquera outro produto ou diñeiro.

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado resérvase o dereito, se concorre xusta causa tras a comunicación previa en forma legal, de efectuar calquera cambio, suspender ou ampliar o CONCURSO.

Correrá a conta e cargo da persoa gañadora calquera carga fiscal ou tributaria que a aceptación do premio puidese suporlle, así como calquera outro gasto derivado da promoción que non estea expresamente asumido pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado nas presentes bases.

Establécese un prazo de 7 días hábiles desde a data da concesión do premio para efectuar calquera reclamación motivada. A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado resérvase, no caso de obrigada necesidade, o dereito de substituír os premios por outros de características similares.

6. PUBLICACIÓN DE COMENTARIOS OU OPINIÓNS

Non se permitirán comentarios nin opinións cuxo contido se considere desaxeitado, que sexan ofensivos, inxuriosos ou discriminatorios ou que puidesen vulnerar dereitos de terceiros. Tampouco se permitirán comentarios contra un particular que vulneren os principios de dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado non se responsabilizará dos danos ocasionados polos comentarios que fagan as persoas participantes do CONCURSO e que en calquera momento puidesen ferir a sensibilidade doutras persoas.

7. EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE

A título enunciativo, pero non limitativo, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado non se responsabiliza das posibles perdas, roubos, atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros que poidan afectar ao desenvolvemento do presente CONCURSO, así como tampouco se responsabiliza do uso que faga a persoa participante ao respecto do premio que obteña deste CONCURSO; tampouco asume ningunha responsabilidade por ningún dano ou prexuízo de calquera tipo que puidesen sufrir as persoas participantes, a persoa gañadora ou terceiros.

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado non asume a responsabilidade en casos de forza maior ou caso fortuíto que puidesen impedir a realización do CONCURSO ou do goce total ou parcial do premio. No caso de que este CONCURSO non puidese realizarse, ben por fraudes detectados, erros técnicos ou calquera outro motivo que non estea baixo o control da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e que lle afecte ao normal desenvolvemento do CONCURSO, esta Dirección Xeral resérvase o dereito a cancelala, modificala ou suspendela, incluída a páxina web de participación.

8. FACEBOOK/INSTAGRAM

O presente CONCURSO non está patrocinado, avalado, administrado nin asociado de ningún modo a Instagram/Facebook polo que as persoas participantes liberan a Facebook de toda responsabilidade polos eventuais danos que se puideren derivar.

9. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

A entidade responsable do tratamento dos seus datos é Reclam Publicidad Marketing y Artes Gráficas, SAU, con domicilio na rúa Durán Loriga, 2 2º, 15003 A Coruña.

De conformidade co establecido na normativa aplicable en materia de protección de datos, e concretamente no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á libre circulación destes datos, cada participante, coa aceptación destas bases legais, consente que os datos persoais facilitados para a participación neste CONCURSO sexan incorporados nun ficheiro titularidade de Reclam para tramitar a participación no CONCURSO e para comunicarlle o premio á persoa gañadora.

Informámolo/a de que os seus datos persoais de contacto serán utilizados para as seguintes finalidades.

1. Control do correcto funcionamento do CONCURSO.
2. Comunicación da/s persoa/s gañadora/s no caso de ser necesario.

As persoas participantes garanten que os datos persoais facilitados son veraces e fanse responsables de comunicar a Reclam calquera modificación. Reclam resérvase o dereito a excluír do presente CONCURSO a toda persoa participante que facilitase datos falsos. Recoméndase ter a máxima dilixencia en materia de protección de datos mediante a utilización de ferramentas de seguridade, sen que se poida responsabilizar á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado de subtraccións, modificacións ou perdas de datos ilícitas.

As persoas participantes teñen dereito a:

1. acceder aos seus datos persoais;
2. solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, de ser o caso, solicitar a súa supresión;
3. solicitar a limitación do tratamento dos seus datos;
4. opoñerse ao tratamento dos seus datos;
5. solicitar a súa portabilidade.

As persoas participantes poden exercer todos estes dereitos no seguinte enderezo de correo electrónico dpo@reclam.es, no que deberán indicar o motivo da súa petición.

As persoas participantes poden tamén enviar a súa petición por correo ordinario ao seguinte enderezo: Rúa Durán Loriga, 2, 2º, 15003 A Coruña.

Sen prexuízo de calquera outro recurso administrativo ou acción xudicial, a persoa participante terá dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control, en particular no Estado membro no que teña a súa residencia habitual, lugar de traballo ou lugar de suposta infracción, no caso de que considere que o tratamento dos seus datos persoais non é axeitado á normativa, así como no caso de non ver satisfeito o exercicio dos seus dereitos.

A autoridade de control ante a que se presentara na reclamación informará a persoa reclamante sobre o curso e o resultado da reclamación.

Para máis información, pódese consultar a política de privacidade de CARNÉ XOVE a través da seguinte ligazón: <http://xuventude.xunta.es/aviso-legal>

10. DEREITOS DE AUTOR E USO

- As persoas participantes seguen sendo titulares dos dereitos de autor das imaxes que presenten ao CONCURSO.

- Ao inscribirse no CONCURSO, as persoas participantes conceden á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado unha licenza non exclusiva, libre de regalías e perpetua para reproducir, publicar e comunicar ao público por calquera medio e para exhibir a súa imaxe ou imaxes e copias da súa imaxe ou imaxes en calquera medio de comunicación de todo o mundo relacionado coa organización, que inclúe a súa inclusión na web xuventude.xunta.es, redes sociais, exposicións, feiras, revistas e demais publicacións. A súa inclusión en materiais promocionais, de prensa e de marketing (como artigos de prensa e folletos) asociados á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

- Calquera fotografía utilizada pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, sempre que sexa posible, irá provista dunha liña de créditos (por exemplo, o nome do fotógrafo). Non poderá reclamarse como incumprimento o non poñer o devandito crédito, aínda que a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado fará esforzos por corrixir a devandita omisión.

- A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado resérvase o dereito de recortar as imaxes se fose necesario.

- Poderase contactar coas persoas participantes para negociar o uso da imaxe en elementos de merchandising con licenza (por exemplo, pósters, láminas).

- A persoa participante será responsable ante calquera reclamación realizada por un terceiro en relación coa imaxe presentada.

- As fotografías serán utilizadas pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado co obxectivo de promover o seu labor.

11. CAMBIOS

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado resérvase o dereito de modificar ou ampliar estas bases promocionais, na medida que non prexudique ou menoscabe os dereitos das persoas participantes no CONCURSO.

12. LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICIÓN

Estas bases legais rexeranse de conformidade coa lei española. Serán competentes para resolver calquera reclamación ou controversia que puidese propor en relación coa validez, interpretación ou cumprimento destas bases os xulgados e tribunais da cidade da Coruña.